



**ACTA DA REUNIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN DE ACTIVIDADES E SERVIZOS DO  
CONSELLO SOCIAL DO 21.02.2018**

**LUGAR:** Sala II do Edificio Miralles - Campus de Vigo

**DATA:** 21.02.2018

**HORA DE COMEZO:** 12:15 h.

**HORA DE REMATE:** 13:30 h.

**LISTA DE ASISTENTES**

D. Ernesto Pedrosa Silva  
D. César Blanco Gómez  
D. José M<sup>a</sup> Franco García  
D<sup>a</sup> Marta Iglesias Bueno  
D. Carlos Mollinedo Lois  
D<sup>a</sup> Gloria M<sup>a</sup> Pena Uris  
D<sup>a</sup> Ana Isabel Vázquez Reboredo

**ESCUSAN ASISTENCIA**

D<sup>a</sup> Mercedes Castro Mouzo

Secretario: D. Ignacio Rodríguez Iglesias



O mércores, día 21 de febreiro de 2018, ás 12:15 horas, celebrouse reunión ordinaria da Comisión de Actividades e Servizos do Consello Social da Universidade de Vigo co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

### **ORDE DO DÍA**

- 1.** Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (24.11.2017).
- 2.** Informe do presidente.
- 3.** Acordo que proceda sobre a proposta de patrocinio do "Estudo da confianza e percepción dos estudantes da Uvigo sobre a súa empregabilidade " (cursos académicos 2014/15 a 2017/18).
- 4.** Acordo que proceda sobre o patrocinio dunha publicación co informe final de resultados e conclusións do Observatorio de Egresados, baixo o título "Estudo sobre a situación laboral e profesional dos titulados na Uvigo dende a súa creación. (1990-2015)".
- 5.** Acordo que proceda sobre a solicitude de apoio económico para a organización dun proxecto de voluntariado universitario en dereitos humanos, para centros escolares, a proposta da ONG Helsinki España.
- 6.** Acordo que proceda sobre a solicitude de apoio económico para a organización da VII edición do Salón de Educación e Formación "EDUGAL", en Pontevedra.
- 7.** Acordo que proceda sobre a proposta da Asociación Alexander von Humboldt en España, para a organización dunha xornada científica en Vigo sobre "A ciencia e o mar: sostibilidade e desenvolvemento".
- 8.** Acordo que proceda sobre a solicitude de colaboración coa Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo, para organizar a Olimpíada galega de Economía.
- 9.** Acordo que proceda sobre a petición de axuda que achega a Vicerreitoría de Extensión Universitaria para a organización da carreira "HappyGoRunning", no Campus de Vigo.
- 10.** Acordo que proceda sobre a colaboración solicitada dende a Delegación de alumnos da Escola de Enxeñaría Industrial, para a celebración do Foro tecnolóxico para favorecer a empregabilidade dos estudantes das escolas técnicas do Campus de Vigo.
- 11.** Acordo que proceda sobre a solicitude de colaboración coa Facultade de Historia, para a organización das Olimpíadas de Historia 2018.
- 12.** Acordo que proceda sobre a axuda solicitada para a organización da "I Xornada sobre muller e proceso", prevista no Campus de Ourense.
- 13.** Acordo que proceda sobre a petición de axuda presentada para cofinanciar a participación de UVigo Motorsport na competición interuniversitaria europea Fórmula Student.
- 14.** Acordo que proceda sobre a proposta de patrocinio dun Premio de innovación social dentro do evento "Hack for Good (H4G) 2018".
- 15.** Rogos e preguntas.



---

*O presidente agradece a asistencia dos presentes e escusa a ausencia de dona Mercedes Castro.*

### **PUNTO 1**

*Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (24.11.2017).*

- ***Apróbase por asentimento.***

### **PUNTO 2**

*Informe do presidente.*

Explica don Ernesto Pedrosa que a Comisión rexistrou durante 2017 un numero de acordos similar a anteriores exercicios (cerca dos 70), e un importe total de 220 mil euros destinados a axudas (un 10% superior ao rexistrado no ano anterior). Así mesmo da conta da solicitude de financiación para a participación do equipo de fútbol-sala do PAS da UVigo no campionato nacional, en Granada, que se considera inviable por canto en 2015 se concedeu unha axuda con carácter "excepcional e extraordinario" por celebrarse en Santiago, non habendo actualmente causas que motiven o incumprimento do devandito acordo.

### **PUNTO 3**

*Acordo que proceda sobre a proposta de patrocinio do "Estudo da confianza e percepción dos estudantes da Uvigo sobre a súa empregabilidade" (cursos académicos 2014/15 a 2017/18).*

Propónse a cuarta edición dun estudo que permitirá coñecer a opinión que teñen os estudantes de cuarto de Grao sobre a súa futura empregabilidade, a súa predisposición e as súas expectativas, o aproveitamento das ensinanzas e da formación que recibe e a adecuación para o emprego, o apoio do profesorado ou as redes persoais das que dispón, entre outros indicadores. As conclusións permitirán coñecer a evolución dos indicadores entre os cursos 2014/15 e 2017/18, que será de especial utilidade para o achegamento da sociedade á vida universitaria. Tras as explicacións do secretario, don Carlos Mollinedo interésase pola posibilidade de que se complete o traballo facendo posteriormente unha comparativa das respostas cando os alumnos saian da universidade. O secretario afirma que se consultará esa posibilidade coas autoras do estudo. A Comisión ACORDA:

- ***Aprobar unha axuda de 7.500 € para levar a cabo o estudo, e unha axuda de 680 € para a publicación.***

### **PUNTO 4**

*Acordo que proceda sobre o patrocinio dunha publicación co informe final de resultados e conclusións do Observatorio de Egresados, baixo o título "Estudo sobre a situación laboral e profesional dos titulados na Uvigo dende a súa creación. (1990-2015)".*

O presidente da conta de que o Consello Social principiou en 2016 a posta en marcha do Observatorio de Egresados da UVigo. Un fondo, rigoroso e metódico traballo do equipo coordinado por Luis Espada permitiu durante 2017 localizar por todo o mundo aos Egresados durante os 25 primeiros anos da universidade, identificalos, coñecer o seu desenvolvemento profesional e o valor das ensinanzas que recibiron, entre outras descubertas. En 2018 propónse como primeira iniciativa do Observatorio a publicación dun estudo –pioneiro na universidade española- con todos os resultados, tal e como se recolle no documento-resumo que se achega. Dona Gloria M<sup>a</sup> Pena



recomenda que para a difusión dos datos, e a efectos de operatividade, se empreguen máis os soportes dixitais e menos os impresos. A Comisión ACORDA:

- ***Aprobar un máximo de 12.000 € + IVE para financiar a edición de 300 exemplares en galego e 300 en castelán.***

#### **PUNTO 5**

*Acordo que proceda sobre a solicitude de apoio económico para a organización dun proxecto de voluntariado universitario en dereitos humanos, para centros escolares, a proposta da ONG Helsinki España.*

Proxecto piloto en Galicia, a desenvolver na UVigo a proposta da ONG Helsinki España. Universitarios voluntarios recibiran formación en dereitos humanos para que de seguido poidan impartir sesións sobre esa temática en centros escolares de primaria e secundaria, en horas lectivas e horario escolar. Ábrese unha rolda de intervencións coincidentes en valorar positivamente a proposta e considerar que debese recadar máis información sobre como e onde se vai a desenvolver, se está previsto algún recoñecemento aos voluntarios ou mesmo se a axuda deberá estar condicionada a un número mínimo de participantes. Así mesmo se convén en pedir un informe ao Vicerreitorado de Extensión Universitaria. Á vista das opinións recollidas, a Comisión ACORDA:

- ***Conceder provisionalmente unha axuda de 5.500 €, á espera da documentación requirida.***

#### **PUNTO 6**

*Acordo que proceda sobre a solicitude de apoio económico para a organización da VII edición do Salón de Educación e Formación "EDUGAL", en Pontevedra.*

Vista a documentación que se presenta e valorada positivamente polos asistentes, subliñase o feito de que Industriais participe nesta edición dentro da oferta da UVigo. Considérase unha iniciativa de especial interese e relevancia para a universidade, polo que se mantén a axuda da edición anterior. A Comisión ACORDA:

- ***Conceder unha axuda de 3.000 €.***

#### **PUNTO 7**

*Acordo que proceda sobre a proposta da Asociación Alexander von Humboldt en España, para a organización dunha xornada científica en Vigo sobre "A ciencia e o mar: sostibilidade e desenvolvemento".*

A Asociación Alexander von Humboldt reúne periodicamente a científicos alemáns e españois para abordar e debater sobre temática de especial interese. Neste contexto propón a Xornada "A ciencia e o mar" dende diferentes planos de análise, prevista en Vigo pola alta especialización formativa que posúe a UVigo. Don Ernesto Pedrosa resalta as oportunidades que abre a colaboración, entre elas a posibilidade de becar a algún estudante para cursar estudos en Alemaña, e o prestixio e visibilidade que reporta a alianza coa Asociación. Engade que en breve se recibirá o programa definitivo, e que a axuda dedicárase á organización, difusión, documentación e publicacións da xornada. A Comisión ACORDA:

- ***Aprobar unha achega de 5.800 €.***

#### **PUNTO 8**

*Acordo que proceda sobre a solicitude de colaboración coa Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo, para organizar a Olimpíada galega de Economía.*



Convócase a Olimpíada dende a Facultade de Empresariais, en Ourense, co obxectivo de incentivar e estimular o estudo da Economía entre os mozos, premiar o esforzo e a excelencia académica, divulgar estes estudos e establecer alianzas estables entre as facultades, os centros de secundaria, os profesores de Economía do Bacharelato e os alumnos.

- **Concédese unha axuda de 1.800 €.**

### **PUNTO 9**

*Acordo que proceda sobre a petición de axuda que achega a Vicerreitoría de Extensión Universitaria para a organización da carreira "HappyGoRunning", no Campus de Vigo.*

A tradicional proba que chega á 12ª edición, está organizada pola Vicerreitoría de Extensión universitaria na contorna do Campus de Vigo e ten carácter solidario. A última edición acolleu a 900 deportistas en tres modalidades, con unha elevada representación dos sete Campus da área galaico-duriense (Galicia e norte de Portugal). Tendo en conta o patrocinio da edición anterior,

- **Apróbase unha axuda de 2.000 €.**

### **PUNTO 10**

*Acordo que proceda sobre a colaboración solicitada dende a Delegación de alumnos da Escola de Enxeñaría Industrial, para a celebración do Foro tecnolóxico para favorecer a empregabilidade dos estudantes das escolas técnicas do Campus de Vigo.*

Resume o presidente que para favorecer a empregabilidade dos estudantes das tres escolas técnicas do Campus de Vigo, os alumnos de Enxeñaría Industrial organizan durante tres días este espazo para o emprendemento e para o contacto directo coas empresas, con unha previsión superior aos dous mil asistentes. Tendo en conta a achega feita en 2017,

- **Apróbase unha axuda de 1.600 €.**

### **PUNTO 11**

*Acordo que proceda sobre a solicitude de colaboración coa Facultade de Historia, para a organización das Olimpíadas de Historia 2018.*

Iniciativa da Facultade, dirixida a estudantes de 4º curso da ESO, para promover o seu interese pola Historia, ademais de fomentar actividades novidosas da docencia, desenvolver habilidades transversais de comunicación oral e escrita e senso crítico do estudantado, e fortalecer as relacións entre os centros de secundaria e a Universidade. Don Ernesto Pedrosa destaca a necesidade de apoio especial que ten a titulación.

- **Apróbase unha axuda de 1.128 €.**

### **PUNTO 12**

*Acordo que proceda sobre a axuda solicitada para a organización da "I Xornada sobre muller e proceso", prevista no Campus de Ourense.*

Baixo a dirección de dona Inés Iglesias Canle está prevista a celebración da primeira "Xornada sobre Muller e Proceso" na Facultade de Dereito do Campus de Ourense. Don Ernesto Pedrosa destaca que entre os poñentes figura unha ampla representación de catedráticos e profesores de universidades italianas, fundamentalmente especialistas de Dereito Romano e Dereito Procesual.

- **Concédese 1.800 €.**



### **PUNTO 13**

*Acordo que proceda sobre a petición de axuda presentada para cofinanciar a participación de UVigo Motorsport na competición interuniversitaria europea Fórmula Student.*

Lembra o presidente que dende hai tres anos, un grupo de estudantes da Escola de Enxeñaría Industrial deseñan e fabrican un monopraza para correr en circuitos europeos no Fórmula Student e competir con universidades de todo o mundo. Non se valora a velocidade senón o deseño, os custos, a fiabilidade ou os consumos. Os presentes valoran a positiva evolución e a mellora que rexistra o proxecto. Tendo en conta as axudas anteriores,

- ***Apróbase unha axuda de 2.600 €.***

### **PUNTO 14**

*Acordo que proceda sobre a proposta de patrocinio dun Premio de innovación social dentro do evento "Hack for Good (H4G) 2018".*

Enmárcase no "Hack for Good 2018" impulsado por Telefónica, que se celebra en doce cidades españolas, entre elas Vigo. O obxectivo é convocar a alumnos e cidadáns que aporten e desenvolvan novas ideas, servizos, aplicacións ou tecnoloxías que axuden a resolver problemas sociais. O Consello Social patrocinará o premio á mellor innovación social.

- ***A dotación económica que se aproba ascende a 500 €.***

### **PUNTO 15**

*Rogos e preguntas.*

Dona Ana Isabel Vázquez convida aos presentes a un destacado concerto conmemorativo do Pergamiño Vindel, previsto o 2 de marzo na Cidade da Cultura.

Don Carlos Mollinedo solicita que non se lle remita en papel a documentación das comisións, ao que se adhiren os restantes membros.

E non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 13:30 horas do 21 de febreiro, da que eu como secretario dou fe, co visto e prace do presidente.

Vº. e pr.,

O presidente,

O secretario,

Ernesto Pedrosa Silva

Ignacio Rodríguez Iglesias